



PROXECTO LINGÜÍSTICO



APROBADO POLO CONSELLO ESCOLAR O 13 DE DECEMBRO DE 2022

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN.....	páx 2
2.- MARCO LEGAL.....	páx 3
3.- ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO.....	páx 3
3.1.- LOCALIZACIÓN DO CENTRO.....	páx 3
3.2.- SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA.....	páx 4
4.- OBXECTIVOS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.....	páx 7
4.1.- OBXECTIVOS XERAIS.....	páx 7
4.2.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.....	páx 8
5.- MEDIDAS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS.....	páx 9
6.- ACTIVIDADES.....	páx 9
7.- LINGUAS DE ENSINO.....	páx 11
7.1.- EDUCACIÓN INFANTIL.....	páx 11
7.2.- EDUCACIÓN PRIMARIA.....	páx 11
8.- MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O ALUMNADO QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS	páx 11

1.- INTRODUCCIÓN

Seguindo as indicacións do Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia todos os centro de Educación Primaria deberán elaborar cada catro cursos escolares o seu proxecto lingüístico. Segundo este Decreto, o proxecto será elaborado por unha comisión do profesorado do centro nomeado polo equipo directivo e oída a comisión de coordinación pedagóxica. Por este motivo o seguinte documento pasa a ser elaborado polo equipo de dinamización de lingua galega do centro.

No artigo 5, do Estatuto de Autonomía de Galicia defínese o galego como a lingua propia de Galicia; que son oficiais os idiomas galego e castelán e que todos teñen o dereito a coñecelos e usalos.

De todos é sabido que a lingua considérase patrimonio cultural dun pobo e obxecto de respecto e protección, constitúe un elemento básico de identidade cultural e representa un valor fundamental de cohesión nunha determinada comunidade.

O proxecto lingüístico de centro é un documento que vén referido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, coa finalidade de recoller todos aqueles aspectos que teñen que ver co desenvolvemento das competencias en cada unhas das linguas a estudar nos centros desta comunidade, propiciando a igualdade plena e efectiva entre as dúas linguas oficiais por parte de toda a comunidade escolar.

Inclúe aqueles aspectos aos que obriga o decreto citado anteriormente e o acordado polos órganos competentes naqueles outros casos nos que se toman decisións por vontade da comunidade educativa.

O obxectivo central do proxecto é garantir que o alumnado adquira unha competencia lingüística plena nas dúas linguas oficiais e, para iso, é importante que se acade o máximo equilibrio posible no número de horas a impartir nas dúas linguas.

Outro dos obxectivos é a adquisición dun coñecemento efectivo en linguas estranxeiras, dentro do marco de promoción do plurilingüismo en Galicia.

E, por último, pero non por iso menos importante, a promoción da dinamización da lingua galega no noso Centro.

2.- MARCO LEGAL

O presente documento baséase na normativa vixente na actualidade, tendo como principais referentes legais os que seguen:

- **Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística**, que garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e posibilita a incorporación da lingua galega á Administración, ao ensino e aos medios de comunicación públicos e indica que ao remate do ensino obrigatorio, garantirase a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais.
- **Decreto 79/2010, do 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- **Decreto 330/2009, do 4 de xuño**, polo que se establece o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 150/2022, do 8 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 155/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, de 31 de xullo de 2013**, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.

3.- ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO.

3.1.- LOCALIZACIÓN DO CENTRO


O CEIP da Guía atópase no concello de Moaña. Está formado por 8 unidades, 6 de educación primaria e 2 de educación infantil, cun total de 75 nenos e nenas que proceden tanto da propia vila de Moaña como dos arredores do centro. A pesares da súa situación xeográfica, no centro aprécianse as diferentes variables lingüísticas propias das vilas de tamaño medio en fase de crecemento demográfico, estando isto directamente relacionado coa súa inclusión na área metropolitana de Vigo.

3.2.- SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

Segundo un estudo sociolingüístico feito polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega en colaboración co Concello de Moaña, a través da Concellería de Educación e cultura, a principios do curso 2021/2022, a partir dunha enquisa, cunha participación de 55 familias do alumnado, o que supón un 65 % do total, salientáanse as seguintes conclusións:

1. Obsérvase claramente o **abandono progresivo do idioma** de xeración a xeración. Hai un descenso no uso, pero tamén na transmisión oral ás xeracións máis novas nas familias do alumnado, que tamén colabora na ruptura dun diálogo en galego cos seus e as súas maiores.

Que lingua usa habitualmente o/a alumno/a?




As porcentaxes de uso do galego descenden cando os/as maiores falan co alumnado, que non mantén o galego na súa resposta:

- O 43,80 % das avoas e avós fálalle maioritariamente en galego aos/as netos/as.
- O 17 % dos pais fálalle maioritariamente en galego aos/as fillos/as e un 16% das nais fálalle maioritariamente en galego aos/as fillos/as

O ámbito familiar non parece asegurar o futuro dunha lingua que só unha minoría aprende a falar desde a infancia.

En que lingua aprendeu a falar o/a alumno/a?



- Nas actividades culturais e de lecer, e nas relacións de amizade o galego ten unha certa presenza, case sempre minoritaria. Non é así nos libros que le (ou lle len) o alumnado, cunha presenza importante do galego (6,01 sobre 10 en infantil e 5,42 sobre 10 en primaria).
- As familias consideran que as capacidades lingüísticas do alumnado son superiores en castelán que en galego, tanto na comprensión (8,56 para o galego/9,74 para o castelán), na capacidade de falar (6,26 para o galego/9,56 para o castelán) na lectura (8,13 para o galego/9,10 para o castelán) e na escrita (7,56 para o galego/9,07 para o castelán).
- No CEIP da Guía **o 50 % do profesorado usa o galego** (51% en educación infantil e 49% en primaria). O alumnado compréndeo sen dificultade e, en primaria, participa máis na lingua que fala o profesorado. Non así en infantil, que fai un uso maioritario do castelán.
- As familias recoñecen o galego como lingua propia de Galicia (8,56 sobre 10) e valoran a utilidade do ensino en galego porque dota ao alumnado de maior facilidade para aprender outras linguas e porque lle dá maior dominio da lingua. Tamén opinan maioritariamente que debe fomentarse o uso do galego recoñecendo a desigualdade na que vive o idioma galego con respecto ao castelán.
- Ademais o alumnado mostra unha **preferencia clara por escribir e ler en lingua castelá**, que se acentúa en primaria xa que en infantil predomina a indiferenza sobre a lingua na que lle len contos.
- As familias mostran unha clara predisposición a que as súas fillas e fillos aumenten o seu uso da lingua galega (7,37 sobre 10), consideran que debería haber máis filmes, música e recursos lúdicos na nosa lingua (7,28 sobre 10) e maniféstanse moi preocupadas polo futuro

do galego (8,7) considerando que teñen unha alta responsabilidade no futuro do idioma (7,69)

4.- OBXECTIVOS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Tendo en conta o expresado anteriormente, o obxectivo central en torno o cal xira todo este proxecto é lograr que o alumnado consiga acadar o mesmo nivel de competencia nas dúas linguas oficiais da Comunidade. Por iso faise preciso aumentar o uso oral do galego en todos os ámbitos.

4.1.- OBXECTIVOS XERAIS

- Utilizar, promover e divulgar a lingua galega en todas as actividades que se leven a cabo no centro.
- Traballar cara a consecución dunha boa competencia nas dúas linguas oficiais.
- Aumentar a competencia lingüística en galego, sobre todo no que afecta á oralidade.
- Eliminar calquera tipo de prexuízo lingüístico na comunidade escolar, favorecendo a sensibilización e a promoción da lingua galega.
- Conseguir que o galego, como lingua que é, sexa aceptado polo alumnado como unha das manifestacións propias da cultura.
- Fomentar e normalizar o uso do galego, promovendo actividades que melloren as actitudes lingüísticas da comunidade educativa en xeral
- Seguir promovendo a escrita en galego en todas as comunicacións que saian do centro, así como toda a documentación empregada a nivel interno.
- Estudar diferentes aspectos da realidade galega, é máis concretamente promover o coñecemento da contorna inmediata do colexio (elementos da paisaxe, clima, historia, arte...)
- Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade en ámbalas dúas linguas, con fin de facilitar e acadar un correcto e eficaz emprego das mesmas.
- Manter informada á comunidade educativa de acontecementos vinculados coa cultura galega na zona: exposicións, festexos, revistas, concursos...
- Dotar ao centro dos materiais curriculares axeitados para o coñecemento da lingua e cultura galegas.
- Facilitar a asistencia ao colexio de ilustradores, escritores, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional, ou persoeiros relevantes da escena pública, que promovan a lingua e a cultura galegas.
- Dotar á biblioteca e ás aulas de materiais informáticos e audiovisuais en galego, e promover o seu uso.

- Fomentar o uso das TICs en galego.
- Potenciar a valoración positiva do uso do idioma galego por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- Posibilitar a integración do alumnado que non posúa coñecemento suficiente da lingua predominante, atendendo á inmersión lingüística do alumnado inmigrante, se o houbera.
- Manter e promover relacións abertas co concello, asociacións veciñais, ANPA e outros Equipos de Dinamización da Lingua Galega.
- Potenciar a visión dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega como órgano de coordinación docente e dar visibilidade explícita ás súas actuacións.
- Informar e implicar ás familias no proceso dinamizador e normalizador.
- Promover as festas e celebracións tradicionais galegas.

4.2.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

EDUCACIÓN INFANTIL

- Ir introducindo o galego como lingua vehicular.
- Intentar que os nenos e nenas vaian introducíndose nun ambiente galegofalante.
- Introducir aos nenos e nenas nos contos de tradición oral galegos.
- Ir ampliando ou iniciando o vocabulario en lingua galega.

EDUCACIÓN PRIMARIA

1º e 2º de primaria

- Expresarse en galego.
- Introducir a lectura e a escrita en galego.
- Ampliar o vocabulario.
- Coñecer algunhas celebracións tradicionais da nosa cultura.

3º e 4º de primaria

- Ser quen de expresarse con certa fluidez.
- Ler con certa fluidez.
- Ampliar o vocabulario.

- Ser quen de facer unha composición escrita sinxela en galego.
- Aprender a valorar a cultura galega.

5º e 6º de primaria

- Ser quen de manter unha conversa en galego.
- Ler en galego con fluidez.
- Ampliar o vocabulario galego.
- Ser quen de expresarse por escrito con soltura en galego.
- Valorar a cultura galega.

5.- MEDIDAS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

Para acadar o cumprimento dos diferentes obxectivos establecidos no puntos anterior, levaranse a cabo unha serie de medidas:

- Utilizaranse os textos en galego nas áreas que se impartan nesta lingua.
- En todas as aulas haberá, polo menos, un dicionario de galego, así como varios exemplares na biblioteca. Tamén haberá un exemplar coas normas ortográficas do galego.
- Aumentaranse os volumes de libros en lingua galega na biblioteca, do centro e nas distintas bibliotecas de aula.
- Aumentarase o material fonográfico e informático en galego.
- Nas áreas impartidas en galego a lingua vehicular será o galego.
- Todos os documentos do centro estarán en galego.
- En todas as celebracións tradicionais e festivais, a lingua que se utilice será o galego.

6.- ACTIVIDADES

Os obxectivos anteriormente citados, desenvolveranse mediante as actividades que se describen a continuación:

- Achegamento ao alumnado de personaxes populares, ou de recoñecido prestixio, galegofalantes: magos, músicos, escritores, ilustradores, deportistas...
- Participación en actividades de exaltación da cultura galega promovidas por institucións e/ou asociacións (Correlingua, Lonxa literaria, Concello Moaña...). Colaborar coa ANPA e asociacións de baile e música tradicional da parroquia para apoiar este tipo de actividades.□

- Celebración de diferentes festas tradicionais (Magosto, Samaín, Entroido, Nadal, Día da Paz...)
- Emprego da lingua galega en carteis, anuncios, rotulacións, comunicados, avisos, páxina web, blogs, Facebook, Instagram...
- Realización de investigacións sobre historias, lendas, patrimonio etnográfico da nosa contorna...
- Informar ao profesorado sobre lugares de interese na nosa contorna e programar visitas para estes.
- Divulgar entre o profesorado o Decreto 79/20120, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e o resto de lexislación.
- Celebración anual do Día das Letras Galegas.
- Celebración do Día de Rosalía.
- Participar en diferentes concursos literarios organizados polo concello ou calquera outra Institución e/ou administración, que se consideren de interese para a promoción da lingua galega.
- Recuperación de xogos populares.
- Realización de actividades de contacontos, por parte dos propios alumnos/as, pais/nais, avós/avoas...
- Ampliación dos fondos da biblioteca, procurando unha literatura en galego atractiva para o alumnado.
- Adquisición de dicionarios bilingües, ortográficos, de sinónimos... e de gramáticas e léxico galego.
- Realización de diferentes actividades en galego utilizando distintos programas informáticos.
- Realización de exposicións de obxectos co fin de dar a coñecer os nosos costumes.
- Recompilación de cantigas, contos, lendas, ditos, refráns...
- Traballar en prol da eliminación dos prexuízos sobre a lingua e a cultura galegas.

7.- LINGUAS DE ENSINO

Como se deriva da análise sociolingüística, atopámonos nun contorno castelán falante. Tendo en conta o marco legal e o noso punto de partida, fixaremos a lingua de ensino segundo os seguintes criterios:

7.1.- EDUCACIÓN INFANTIL

O decreto 79/2010, no seu artigo 5.1., referido á educación infantil, di:

Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurar que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo.

Atendendo a este criterio, a lingua vehicular en educación infantil no noso centro será o castelán.

7.2.- EDUCACIÓN PRIMARIA

O decreto 79/2010, no seu artigo 6.1.2.3. e 4., referido á educación primaria, di:

- 1.- Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- 2.-As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia.
- 3.- Impartirase en galego a materia de Coñecemento do medio natural, social e cultural, e en castelán a materia de Matemáticas.
- 4.- Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centro, decidirá a lingua en que se impartirá o resto das materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúan na mesma porcentaxe de horas semanais.

Segundo isto, impartiranse en lingua galega as seguintes materias (as vermellas son as de lingua galega):

Áreas	Cursos					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Lingua galega e literatura	4	4	4	4	4	3
Lingua castelá e literatura	4	4	4	4	4	3
Matemáticas	5	5	4	4	4	5
Ciencias sociais	2	2	2	2	2	3
Ciencias da natureza	3	2	3	2	3	2
Lingua estranxeira						
Educación plástica e visual	1	2	1	2	1	2
Educación musical e danza	1	---	1	----	1	----
Educación física	2	2	2	2	2	2
Relixión/	1	2	1	1	1	1
Valores/ proxecto competencial	1	2	1	1	1	1
TOTAIS	25	25	25	25	25	25

8.- MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O ALUMNADO QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS

O presente apartado abrangue aquelas medidas de carácter organizativo e curricular que sexa preciso desenvolver no caso de alumnos/as que presenten un déficit lingüístico ou insuficiente dominio das linguas.

O primeiro eslabón na detección de necesidades é o/a mestre/a titor/a, que a partir da avaliación inicial e continua, identificará as necesidades existentes e aplicará as medidas preventivas e de axuste ordinario ao seu alcance. Cando a valoración de necesidades desborde as posibilidades do/a titor/a, este recorrerá ao Departamento de Orientación que levará a cabo a preceptiva avaliación psicopedagóxica regulada na Orde do 31 de outubro de 1996.

A partir da detección e valoración inicial das necesidades organizaranse os apoios e estableceranse as medidas pertinentes, tanto de apoio en aula por parte dos profesores que teñan horas dispoñibles, como do/a profesor/a de Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe se fose preciso, así como a elaboración de materiais alternativos, de ser necesario, para apoiar as aprendizaxes nas que mostra dificultades.

Subliñar que no caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo , o ensino desenvolverase na súa lingua materna, sen prexuízo de que progresivamente poidan aprender a segunda lingua, previa valoración individual de cada caso.

Para o alumnado estranxeiro, o Decreto 79/20210, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia, establece que a administración elaborará un plan dirixido ao alumnado con necesidades educativas especiais, que asegura a capacitación lingüística nas linguas oficiais. Por outro lado, dispoñemos da Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro, segundo a cal os alumnos que descoñezan ambas linguas cooficiais, poderán incluírse en grupos flexibles de adquisición das linguas a partir dos cinco anos.

No caso de que alguén se incorpore ao centro sen o suficiente dominio das linguas e que lle custe seguir con aproveitamento o ensino que se lle imparte, o noso obxectivo será que vaia mellorando no seu dominio das linguas, lonxe das actitudes de rexeitamento. Con ese fin utilizaremos sempre o diálogo, a negociación e a persuasión como xeito de comunicarnos. Consideramos tamén que estas medidas deben ter un carácter lúdico e atractivo, á vez que non lles resulte difícil o seu seguimento. Teremos que adoitar as seguintes medidas, sempre de maneira flexible:

- Para os primeiros días, utilizaremos sobre todo os materiais de tipo visual dispoñibles no centro, que nos poidan facilitar a comunicación.
- Realización de actividades que posibiliten a comunicación a través de xestos e mediante dramatizacións, apoiándonos na linguaxe oral.
- Preparación dun dicionario de imaxes de vocabulario básico que podemos ir ampliando a medida que vaíamos introducindo un novo vocabulario.
- Creación de clases de apoio específicas para realizar a adaptación lingüística precisa coa finalidade de que ese alumnado poida incorporarse o máis axiña posible ao ritmo cotián da aula que lle corresponde.
- Realización de actividades de apoio á aprendizaxe da lingua dentro da aula ordinaria, sobre todo, se se trata de educación infantil.
- Utilización das novas tecnoloxías da información e comunicación para empezar a familiarizarse coa lingua ou linguas que non domina.

Deste xeito buscaremos o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilita a súa plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se atope escolarizado/a.

